

ANUNCIO INDICATIVO DA PETICIÓN AO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE OFERTA DE EMPREGO.

Anúnciase, de conformidade co disposto no artigo 13.2 da Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), que con esta data, solicitóuse ao Servizo Público de Emprego en Vilagarcía de Arousa, a remisión de tres candidatos para cada unha das prazas da seguinte oferta de emprego:

Contratación temporal de persoal laboral para a cobertura de dúas prazas de Titulado/ Superior existentes no cadro de persoal do Intecmar

Grupo	Categoría	Titulación requirida	Nº de prazas	Duración do contrato	Requisitos indispensables
I	10	Titulado/a Superior en Bioloxía	1	Ata a cobertura definitiva do posto de traballo	<p>1) Acreditación de coñecemento do idioma galego: Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.</p> <p>2) Acreditación de manexo de modelos numéricos hidrodinámicos para a predición do transporte de sustancias no medio mariño: Curso de 25 horas ou máis, ou titulación con materias nesta actividade, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, organismos estatais, universidades, Servizo Público de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP.</p>

Grupo	Categoría	Titulación requirida	Nº de prazas	Duración do contrato	Requisitos indispensables
I	4	Titulado/a Superior en Enxeñería de Telecomunicacións	1	Ata a cobertura definitiva do posto de traballo	<p>1) Acreditación de coñecemento do idioma galego: Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.</p> <p>2) Acreditación de manexo das Infraestruturas de Datos Espaciais (IDE) e as súas compoñentes: Curso de 25 horas ou máis, ou titulación con materias nesta actividade, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, organismos estatais, universidades, Servizo Público de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP.</p>

- O prazo de presentación de solicitudes será de **dez días naturais** e o seu cómputo iniciárase o día seguinte ao da publicación destas bases nos taboleiros de anuncios e na Web do INTECMAR.

Vilaxoan, 17 de marzo de 2015

A directora do Intecmar

M^a Covadonga Salgado Blanco

